

Os camiños do Norte e Primitivo xa son Patrimonio da Humanidade

A UNESCO reconece a importancia destas rutas milenarias con percorrido por tres concellos da Terra de Melide, que ve nesta distinción unha oportunidade de desenvolvemento económico, turístico e cultural. A declaración trae ademais outra boa nova para a comarca, pois a distinción como Patrimonio da Humanidade inclúe o recoñecemento singular de catro bens galegos, entre os cales se atopa o mosteiro de Sobrado. P11



EMPRESA

Descontos e sorteos na *Noite Aberta* do comercio melidense P3

COMARCA

O sector leiteiro protestará nas rúas contras os abusos da industria P13

CULTURA

O museo ultima unha mostra sobre os cines e as veladas en Melide P14

ENTREVISTA



Alberto Otero
Desguaces
Lual P23


O Cire recibe a medalla de ouro no seu 40º aniversario



Foille entregada por acordo da corporación “como homenaxe e agradecemento á traxectoria e ao encomiable labor realizado a prol da cultura e do deporte”. P8

A Coral Polifónica trae a Melide os sons cubanos

A vila acollerá o vindeiro 18 de xullo o 1º Festival de Habaneras “Camiño de Santiago”, no que participarán catro formacións de Galicia e Asturias. O certame celebrárase ao aire libre, coa Praza do Convento como escenario. Terá unha duración de dúas horas e as actuacións serán gravadas para posteriormente publicar un disco. P15



**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

25 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Buscando o bo camiño



O Camiño de Santiago non deixa de recibir boas novas. A última chegou de mans da UNESCO, que recentemente declarou Patrimonio da Humanidade o Camiño do Norte e o Primitivo.

Esta distinción é sen dúbida un gran premio para as rutas xacobeas e para Galicia, pero comporta tamén unha enorme responsabilidade: a de saber coidar, explotar e conservar debidamente unha herdanza cultural (e tamén un recurso económico) que nos últimos anos demostrou ser unha fonte de riqueza e un dos mellores escaparates de cara ao exterior. Nese aspecto as eivas son tantas que nos levan a pensar que o éxito do Camiño se debe a calquera factor menos a unha planificación e xestión acertadas.

Aí é onde hai que centrar todas as enerxías a partir de agora e facer que o Camiño de Santiago sexa unha das

prioridades a nivel de investimentos públicos, na medida en que todos os seus itinerarios son arterias creadoras de postos de traballo e riqueza, salvavidas incluso para unha Galicia interior cada vez máis depauperada.

Que ata o de agora non se tomou o Camiño de Santiago en serio é unha evidencia que constatamos en pequenos detalles, como o feito de que pase a carón dunha subestación eléctrica no Milladoiro, por enriba dunha autopista en San Lázaro, polo medio dun polígono industrial en Melide ou que atravesese en tantos e tantos puntos estradas nacionais. Evidencias de que se maltratou porque nunca foi unha prioridade.

Aínda a día de hoxe, cando a peregrinación a Compostela se revelou xa como un fenómeno de masas, a sinalización das diferentes rutas segue a ser deficiente e confusa, os alber-

gues públicos insuficientes, o coidado de certos tramos nulo e comprometida a seguridade viaria nalgúns puntos. Do mesmo xeito, pouco ou nada se fai por conservar as mostras de riqueza cultural que van aparecendo a cada paso no Camiño: Leboreiro e Furelos son os exemplos máis próximos.

A raíz da declaración de Patrimonio da Humanidade, a administración autonómica aprobou un paquete de actuacións para o Camiño do Norte e o Primitivo. Benvidas sexan, máis non deberan formar parte dunha improvisación eventual, senón dunha aposta meditada a longo prazo. Neste sentido o Plan Director dos Camiños de Santiago que se está rematando de redactar para os períodos 2015-2021 é unha oportunidade de ouro para comezar a facer as cousas dun xeito acorde á transcendencia que ten a Ruta Xacobe. Busquemos o bo camiño.

Tribuna de opinión

Apoio ao sector leiteiro

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



A directiva de Asetem trae de novo ás páxinas de opinión do xornal Cerne as súas reflexións sobre a crise leiteira en Galicia. Facémolo para solidarizarnos coa loita por un traballo digno que manteñen os gandeiros galegos dende hai tempo, para defendelos en tanto que son unha parte importante da economía da comarca e para manifestar o noso apoio á protesta convocada para o vindeiro 17 de xullo en Compostela; un apoio que brindaremos cantas veces sexan necesarias se con iso contribuímos a que remate definitivamente unha situación que está afogando a centos de familias.

Nada é novo neste panorama xa coñecido de prezos irrisorios en orixe que seguen á baixa, salvo a chantaxe que comezaron a practicar algun-

has empresas transformadoras que deciden por conta propia a quen lle recollen o leite e a quen non. “Ou entras polo aro ao aí che queda”, sería a tradución a verbas coloquiais do que está a suceder.

É tempo dunha reacción unánime e contundente, ao nivel das verbas do alcalde de Lalín, Rafael Cuíña, que foi o primeiro en falar sen ambigüidades dun “terrorismo económico” contra os gandeiros galegos. Por veces semella que se orquestrou unha reconversión encuberta do campo galego que ten por obxectivo final a desaparición por inanición e inacción (institucional) do sector leiteiro.

E se resulta que é certa, aínda estamos a tempo de parala. O rural galego necesita do leite e dos gandeiros para seguir con vida.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
 Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
 Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Rafael R. Gaioso, César C. Vega, Xabier Pazo
AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	8
-COMARCA.....	11
-CULTURA E LECER.....	14
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

31 de xullo, noite aberta no comercio de Melide con descontos e promocións

Dezanove tendas abrirán as súas portas ata as 12 da noite

Cita obrigada para visitantes e clientes habituais do comercio de Melide o venres 31 de xullo. Dezanove establecementos asociados a Asetem-Cca participarán ese día nunha xornada especial con descontos extraordinarios e un horario de apertura excepcional.

En concreto, as tendas permanecerán abertas ata as 00:00 horas e

dende as 17:00 farán grandes descontos e promocións interesantes nalgúns dos seus produtos e servizos.

A clientela poderá visitar sen compromiso as tendas, que lucirán unha decoración especial para a ocasión con alfombra vermella e globos brancos. Será tamén unha noite divertida, con animación na rúa e actuacións

musicais itinerantes que alegrarán o ambiente de tendas e bares. Ademais, a Noite Aberta, organizada por Asetem en colaboración co Concello de Melide, coincidirá co último día da edición estival do concurso de tapas, Deste xeito, a oferta gastronómica será un atractivo engadido a unha xornada de compras con descontos.



Descontos de escándalo con hora límite!!


Non se trata dun conto, senón dunha realidade, pero á media noite rómpese o feitizo. Ata daquela, é dende as 5 da tarde, as tendas participantes farán descontos moi tentadores a maiores dos propios desta época de rebaixas. Cada tenda terá liberdade para facer as súas propias promocións: 50%, 60%, 70% de rebaixa, segunda prenda a prezo reducido, dous por un, agasallos por cada compra realizada, tickets desconto para futuras compras... Os bos prezos están garantidos pero cada tenda será unha caixa de sorpresas.

Animación na rúa e sorteo

Por se non abandasen os grandes descontos que aplicarán as tendas asociadas a Asetem na Noite Aberta, a xornada de compras en Melide pagará a pena aínda que sexa polo bo ambiente que se vivirá nas rúas da vila ese día. Unha agrupación musical tocará en directo facendo percorridos polos diferentes establecementos e locais de hostalería. Ademais tamén haberá animación a cargo de actores caracterizados con globoflexia e agasallos. Ao final da noite sortearase unha sesión no Balneario Río Pambre entre todas as persoas que realizasen compras durante a Noite Aberta.



Vestímonos de gala. Busca o distintivo!!



Será moi doado para os clientes identificar os establecementos que participan na Noite Aberta, pois ese día lucirán a partir das cinco da tarde unha decoración especial: alfombra vermella na entrada e globos brancos á beira das portas, nos escaparates e no interior dos propios comercios servirán para saber onde convén mercar ese día. Onde non haxa decoración especial tampouco haberá desconto especial!




Vai unha rolda de tapas ?

Asetem-Cca organiza de cara a finais de xullo e principios de agosto a VI edición do Melide de Tapas, de xeito que o día 31 pola noite será unha boa oportunidade para degustar un petisco ao tempo que se vai de compras. A gastronomía saltará incluso a algunha das tendas, que ofrecerán pinchos e refrixerios para os visitantes. Tamén haberá degustación de vermú por cortesía da marca Nordesía, que distribuirá varias botellas por establecemento.

ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

CALZADOS BROZ
COLORÍN COLORADO
DÁNDOLO
EKATÉ
ELECTROSAN
GALAICA BISUTERÍA
LA CORTINA
LEIVA MOTOSPORT
LIBRERÍA VICTORIO
M₂M
MERCERÍA MARVI
MIS MEJORES LABORES
MULTIÓPTICAS
MUXICA TENDA XOVEN
ROMERO ZAPATERÍAS
SISUKA
STARDEMODA
XEBRE
XOIERÍA ORD LEY

ASETEM



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Volve con máis premios ca nunca a Ruta de Tapas organizada por Asetem

Xa está aquí a sexta edición do *Melide de Tapas*, o concurso de petiscos que organiza a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) e que desta volta chega con máis dunha novidade.

A primeira delas é o cambio nas datas, que se meten no tempo de verán "para ofrecerlles unha alternativa de ocio máis aos moitos visitantes que se achegan á vila nesta época do ano", explica Manuel Vázquez, presidente da patronal. Deste xeito o concurso, que antes se celebraba en dúas fins de semana do mes de xuño, celebrarase este ano de xeito continuo entre o 24 de xullo e o 2 de agosto, ámbolos dous días incluídos.

Pero sen dúbida a maior novidade está nos premios que se sortearán entre os clientes ao remate da ruta, moito máis numerosos ca en edicións an-

teriores. En total serán oito os galardóns que se entregarán, distribuídos en tres categorías: para os clientes que proben polo menos o 75% das trece tapas en concurso, para os clientes que proben algunha tapa e para a persoa que faga maior número de mencións sobre a ruta nas redes sociais.

Outra das novidades é que un profesional da gastronomía supervisará todas as tapas presentadas e asesorará a cada participante, antes de que comece o concurso, sobre os aspectos en que pode melloralas. Esta medida, que ten por obxectivo mellorar a calidade das propostas que se lle ofrezan aos clientes, é unha das suxestións feitas por Elemental Chefs, unha empresa especializada coa que está colaborando Asetem nesta edición para profesionalizar aínda máis o *Melide de Tapas*.

TAPEAR EN MELIDE TEN PREMIO

- Entre os pasaportes selados na súa totalidade ou ao 75% sortearase:

* Unha estancia no Pazo de Eidián (Agolada) Inclúe: xantar, cea e aloxamento unha noite.

* Estancia para dúas persoas nun hotel con spa. Premio por xentileza de **Galicia Calidade**.

- Entre todas as tarxetas de votación depositadas nas urnas dos locais participantes sortearanse:

* Cesta de produtos ecolóxicos de **Casa Alongos**

* Cesta con viños e licores de **Bodegas Mejuto**

* Lote de produtos cárnicos de **Grupo García**

* Dous lotes de queixo **D.O.Arzúa-Ulloa**

- Premio para a persoa máis activa nas redes.

* Cea para dúas persoas en **Parrillada Pilmar**

ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

A BOA VIÑA
A FUNDACIÓN
BREDÁN

CASA ALONGOS
CHIQUITÍN

CIRE

ESTILO

GODIVA

NOVO VALENTE

NOVO CONTINENTE

PARRILLADA PILMAR

PULPERÍA TABOADA

STOP

XEBRE

1€PORTAPA



IMPRENTA
eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu



HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE ★★ ★

Tlf: 982 153 232 / 679 035 713



CHINCHES?
MOSCAS?
CARCOMA?
ROEDORES?
CUCARACHAS?

Plagostel
HIGIENE, 2017 CAL S.C.

calidade e hixiene alimentaria

comercial@plagostel.com | 698 163 399
www.plagostel.com

COS CINCO SENTIDOS

Consellos para a prevención de riscos laborais



María Botana Rocamonde

Responsable do Servicio de Prevención de Riesgos Laborales da Confederación de Empresarios da Coruña.

4. Eles, elas e a prevención de riscos

A igualdade entre homes e mulleres é un dereito humano universal. A conmemoración, o pasado 8 de marzo, do Día Internacional da Muller, é un acto que pretende visibilizar e combater as desigualdades existentes. A pesar da globalización e dos distintos cambios que experimenta o mundo empresarial, homes e mulleres están expostos a diferentes contornas de traballo, o que traducido á materia preventiva implica que están expostos a distintos factores de risco. Esta segregación detéctase tamén entre sectores e entre empregos dentro do mesmo sector, xa que de forma xeral cada sexo desenvolve tarefas diferentes.

As administracións públicas esfórzanse en fomentar medidas que aseguren a igualdade entre mulleres e homes no que se refire ao acceso ao emprego, á formación, á promoción profesional, á igualdade salarial e ás condicións de traballo. De igual xeito, no ámbito laboral a prevención de riscos céntrase en prever os factores que teñen maior incidencia en determinados sectores e ocupacións.

Actualmente, a relación entre prevención e empresa debe recoller un enfoque de igualdade ante a decidida participación da muller na esfera laboral e empresarial. Pero para iso é necesario avanzar no coñecemento da relación saúde e traballo nas mulleres, reorientando os estudos sobre efectos e riscos. As inquietudes en materia preventiva sobre as mulleres están moito máis orientadas ao seu dobre papel produtivo e reprodutivo.

Outro aspecto fundamental pasa por fortalecer a sensibilidade de xénero nas actividades de investigación. Necesítase máis investigación sobre a saúde e a seguridade das mulleres no traballo, en especial nos sectores onde constitúen maioría. É preciso reforzar a recompilación de datos desagregados por sexo, sobre exposición a enfermidades e lesións no lugar de traballo, e reunir esta información de xeito sistemático non ámbitos internacional, rexional e empresarial.

A igualdade entre mulleres e homes non é só unha cuestión de xustiza, é tamén unha condición previa para lograr un crecemento sostible, emprego, competitividade e cohesión social. A igualdade entre mulleres e homes demostrou ser unha solución sostible para antigos e novos retos. Para iso contamos con tres ferramentas fundamentais: as políticas de igualdade, as políticas de seguridade e saúde no traballo e as perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais. É necesario realizar constantes esforzos para mellorar a organización do traballo e as condicións laborais, co obxectivo de que se adapten mellor tanto a mulleres como a homes.

Concha Amo gana os 100 euros de Sintoniza co teu comercio



A premiada, Concha Amo, recolleu en Asetem o seu cheque de 100 euros

A nova campaña que Asetem está a realizar en colaboración con Radio Melide, *Sintoniza co teu comercio*, segue repartindo mensualmente cheques de 100 euros entre os clientes das tendas locais. Nesta ocasión a ganadora do mes de xuño foi Concha Amo, veciña de Melide, que xa pode gastar o seu cheque regalo en calquera dos establecementos asociados a Asetem. Nos meses an-

teriores resultaron agraciadas Rosa Rodríguez e Sandra Fernández.

Sintoniza co teu comercio é un concurso que realiza diariamente Radio Melide e no que se formulan preguntas relacionadas co labor desenvolvido por Asetem. Ao final de cada mes realízase un sorteo entre todos os oíntes que foron atinando. En xuño rexistráronse 95 chamadas para participar no concurso.

Negocian o apoio técnico que terán as empresas do viveiro



Reunión a tres bandas: Concello, Cámara de Comercio e Fundación Cameral

O Concello, a Cámara de Comercio de Compostela e a Fundación Instituto Cameral comezaron este mes a rolda de contactos para establecer o xeito no que se prestará asesoramento aos emprendedores que utilizan o futuro viveiro de empresas de Melide, cuxa posta en funcionamento está prevista para finais de ano.

Das negociacións resultará un convenio de colaboración entre as tres entidades no que determinarán

tanto as características do apoio técnico a prestar como os criterios de admisión para os interesados en afincarse no viveiro, aberto a empresas de Melide, Arzúa, Boimorto, Santiso, Toques, Sobrado e Vilasantar.

A intención é que o documento estea asinado antes do remate das obras que se realizarán no Edificio Multiusos para habilitar o viveiro. O concello pediu unha prórroga ata o 30 de novembro para xustificálas.

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

PILAR VARELA, NOVA XERENTA DE “LIBRERÍA VICTORIO” (R/ Taboada Roca, nº 1)

“Agora vexo o negocio con outros ollos, con máis responsabilidade”

-Acaba de coller as rendas da librería na que estivo como empregada 27 anos. Como se sente?

-Pilar Varela (P.V.): É unha nova etapa. Agora vexo o negocio con outros ollos, con máis responsabilidade, e tamén teño novas preocupacións. Antes era traballar, levar o salario a finais de mes e esquecerse de todo. Agora iso cambiou, hai que collelo doutra maneira. De todas formas teño moitas ganas de sacar isto adiante e teño un grande apoio nos que foron os meus xefes, que son os únicos que tiven en toda a vida. Sei que están aí para axudarme. Tamén vai quedar unha compañeira polas tardes e en outubro vai vir miña filla.

-Custoulle tomar a decisión? Deulle moitas voltas?

-P.V.: Sinceramente, non. Ningunha. Tiña moi claro

dende o principio que se algún día mo propoñían os meus xefes, ía aceptar e non tería ningún problema en coller o touro polos cornos e tirar para adiante. Despois de tanto tempo xa estaba moi acostumada a este traballo e cando chegou o momento non me custou nada decidirme.

-Como respondeu a clientela ante o cambio na xerencia da librería?

-P.V.: De marabilla. Nese caso tamén estou moi agradecida. Moita xente non o sabía, porque foi cousa de dous días e non lle demos moita publicidade. Aínda hoxe, a medida que o van sabendo, veñen aquí para felicitar-me. Eu o que teño é que tamén estou moi encariñada cos clientes, porque levo moito tempo con eles. Son un grande apoio.

-Hai algo ao desta etapa

ao que lle teña medo?

-P.V.: Pois agora mesmo poñerme coas cuestións informáticas. É un mundo que non vai comigo e por iso me impón un pouco de respecto. Ata o momento empregabamos unha rexistradora manual e non tiñamos nada dixitalizado. Agora imos intentar poñernos un pouco ao día e queremos comezar a empregar códigos para cada un dos produtos que vendemos. Será algo ao que me teña que afa- cer, pero malo será que non o saque adiante. O demais non me mete moito medo porque máis ou menos xa estaba da miña man.

-Ten pensado facer máis cambios na librería?

-P.V.: Temos pensado facer moitos, pero co tempo, unha vez que me acabe de asentar. Gustaríame reformar os escaparates, cambiar os exposito-



Pilar Varela na sección de xoguetes de Librería Victorio

res... en definitiva, darlle outro ambiente á tenda. Pero xa digo, será pouco a pouco. Primeiro hai que saír dos gastos fundamentais e despois xa chegará o momento de arrincar.

-Empeza con ganas e tamén con forza, en plena campaña de reserva de libros para o novo curso...

-P.V.: Certo. Esa tamén é unha oportunidade que me

deron os xefes, de poder comezar nunha época do ano boa para o negocio. Así tamén se poden levar os primeiros meses con máis optimismo e seguridade. Sacaremos un catálogo de material escolar e máis adiante un de xoguetes porque enganchamos coa campaña de reis. Agora xa estamos coa reserva de libros e de momento está indo moi ben, coma en anos anteriores.

Axudas para instalar caldeiras de gas natural e renovar fiestras

A Consellería de Economía e Industria convocou axudas para a renovación de fiestras e de caldeiras de alta eficiencia enerxética. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 30 de outubro e os particulares que queiran beneficiarse destes apoios terán que poñerse en contacto con algunhas das entidades colaboradoras adscritas á convocatoria. O listado destas entidades poderá consultarse a partir do 1 de agosto na páxina web da consellería: www.economiaeindustria.xunta.es.

No que respecta á orde para a renovación de fiestras, esta ten como obxectivo a substitución dunha ventá xa existente por outra igual ou de inferior tamaño, de cara a incentivar a súa rehabilitación, acadando melloras significativas na calidade da construción

e aforro en termos económicos. A contía máxima por vivenda unifamiliar é de 100 euros por metro cadrado de oco co límite de 3.000 euros. Nas comunidades de propietarios ou edificios de vivendas a contía será de 3.000 euros cun máximo de 50.000 euros. En calquera dos dous casos a cantidade da subvención non superará o 25% do custo total da obra.

En canto ás caldeiras, promóvese a implantación de equipos de gas natural, así como de novas caldeiras de biomasa. Os apoios nesta caso chegan ata o 30% do investimento, elevándose ata o 40% se a caldeira que se prevé substituír é de gasoil.

Con estas actuacións a Xunta aspira a diminuír o gasto en enerxía das familias galegas, que representa máis do 14% do consumo enerxético da comunidade.

Asetem-Cca réunese co novo edil responsable da área de comercio



O presidente e a xerenta de Asetem mantiveron unha reunión co novo concelleiro de comercio, Luis Arias, co obxectivo de definir as liñas de colaboración de cara ao medio prazo. Nesta primeira toma de contacto os representantes da patronal expresaron a necesidade de darlle unha utilidade real á Mesa Local de Comercio, empregándoa como foro para debater sobre as diferentes iniciativas que se vaian poñendo en marcha. Ao mesmo tempo propuxeron unificar un calendario de actuacións e arrincaron o compromiso do concelleiro de colaborar en maior medida para reforzar o sorteo de Nadal. Por outra banda, acordouse convocar aos comerciantes a unha reunión para decidir a data do Mercamelide de verán. Será o 20 de xullo ás 21:00 horas no salón rexio do Concello.

Día MELIDE

Nova xerencia

MARKET

Ronda de Pontevedra, 42 - 44



CARNICERÍA AO CORTE

PAN DE FORNO DE LEÑA

APARCAMENTO PARA CLIENTES

BEBIDA SOJA Día 

LLEVANDO 6 LA UD. TE SALE A **0,56€**
4+2 GRATIS

CHORIZO SARTA EXTRA DULCE O PICANTE Día 
200 g

0,92€ la 2ª ud.
-50% dto. La 2ª unidad

CONOS Día 
pack-4

GAMA DETERGENTE LÍQUIDO SKIP

-50% dto. La 2ª unidad

Día  MARKET

Parking Gratuito

O Supermercado Día da Ronda de Pontevedra, en Melide, estrea xerencia e nova filosofía. Aproveitando todas as vantaxes que ofrece unha gran marca, sobre todo no que a ofertas se refire, a idea dos novos xestores, Diana Feijóo e Juan Loureiro, é “facen un supermercado coma os de antes”. Que significa isto? Nin máis nin menos ca “coñecer aos clientes, poder chamarlles polo nome, ter confianza con eles e eles con nós, saudalos todos os días e axudarlles no que lles faga falta”. Trato próximo, produto de calidade, bos prezos e bo servizo serán as sinais de identidade do negocio.

Ademais, a diferenza doutros supermercados da cadea Día, o establecemento da Ronda de Pontevedra conta cunha carnicería ao corte onde se serve carne fresca de primeira calidade (tenreira galega) e as mellores marcas de embutidos que hai no mercado: Torre de Núñez, Campofrío, El Pozo...

O Club de Fútbol Cire recibe no seu 40º aniversario a Medalla de Melide

O club de fútbol Cire foi a entidade galardoada este ano co máximo recoñecemento institucional do Concello de Melide; a Medalla de Ouro, que a corporación municipal acordou concederlle “como homenaxe e agradecemento á traxectoria e ao encomiable labor realizado a prol da cultura e do deporte”.

Así se reflectiu no diploma que o daquela presidente do club, Jesús Carlos Pampín, recolleu de mans da alcaldesa no transcurso dun acto celebrado no salón de plenos en coincidencia, como é tradicional, co día de San Pedro, patrón de Melide. Á marxe das palabras escritas, a rexedora, Ánxeles Vázquez, definiu o Cire como un club “admirable” e un referente para o tecido asociativo do municipio: “de vós aprenderán moitos”, dixo. A maiores destacou o mérito de ter feito “deporte para todos” e de “sacar a moitos nenos da rúa e levalos por outra vía”. Na súa intervención deixou tamén un compromiso co club, que en 2015 cumpriu 40 anos dende a súa fundación: “intentaremos ampliar as instalacións, algo que tedes merecido e que imos conseguir”, afirmou Vázquez.

Toda unha vida

O ton emotivo do acto púxoo o presidente da entidade, Jesús Pampín, que recordou na súa alocución as catro décadas de vida dun club que a día de hoxe conta con 705 socios, 8 equipos federados, 140 xogadores e 8 adestradores.

Como bo coñecedor da entidade, en tanto que foi membro fundador e presidente durante os últimos 22 anos, Jesús Pampín lembrou os inicios difíciles nos que “socios y aficionados” pasaban as tardes cavando nun monte “con pendientes enormes” para poder construír un campo digno. “Íbamos todos los sábados a ver si la hierba crecía pero se la acababan comiendo las piedras”, recordou.


O camiño non resultou nada doado pero o Cire foi medrando pouco a pouco. Con esforzo conseguiu construírse a tribuna, os baños e dotar o campo de iluminación “para



Jesús Pampín tras recoller a medalla de mans da alcaldesa



Foto de familia con membros da corporación e acompañantes



Membros da última directiva do Cire ante as portas do Concello

poder entrenar por las tardes”.

Outro dos momentos importantes na historia do Cire que lembrou Jesús Pampín foi a venda do campo ao Concello en 1990, “con gran pena para muchos socios”, ante a imposibilidade de afrontar todos os gastos. Ao fío disto, o presidente destacou “las relaciones cordiales que siempre tuvieron con el club las diferentes

corporaciones” e referiuse á importancia de mellorar e manter en bo estado as instalacións. Nesa liña apelou á necesidade de construír un aparcamento como obxectivo de futuro. Pampín rematou facendo un agradecemento a todos os socios, casas comerciais, patrocinadores, administracións pública y “a todo el pueblo de Melide”.

UN CAMIÑO FEITO CON “ESFORZO, LOITA E CORAXE”

O 23 de maio de 1975 constituíase en Melide a primeira xunta directiva do Club de Fútbol Cire, presidida por Enrique González Valiño e integrada “por un grupo de amigos”, segundo relata Jesús Pampín, un dos fundadores. Pouco tempo despois, en 1979, mercouse o terreo para construír o campo, que custou daquela 100.000 pesetas e que se puido pagar grazas en parte a unha subvención da Deputación da Coruña.

O resto saíu todo “del esfuerzo, lucha y coraje” de socios e afeccionados, que se puxeron mans á obra para converter un monte nun campo apto para poder practicar deporte. Pouco a pouco fóronse conseguindo melloras pero o terreo “nunca dejó de ser un barri-zal” e os custos para acondicionalo eran demasiado elevados como para poder facerlles fronte. Deste xeito, no transcurso da asemblea xeral de 1.995, acórdase venderlle as instalacións ao Concello, que cedeu o seu

uso por cincuenta anos.

Nas súas catro décadas de historia, o Cire non deixou de participar ningún ano en competicións oficiais. Os seus maiores éxitos chegaron nas tempadas 1982/83 e 1990/91, cando competiu na Primeira Categoría Rexional. Tamén en 1978, ano no que conquistou a Copa da Montaña.

Á marxe de trofeos, tamén é todo un éxito a creación das categorías inferiores de cadetes, xuvenís, prebenxamín, benxamín, alevín e infantil, que se foron incorporando aos poucos entre 1995 e 2007. Outro dos grandes logros é o Torneo de Fútbol sala, que se vén organizando cada mes de agosto dende hai 34 anos. Unha das últimas iniciativas da entidade é o Campus de Fútbol Cire Melide, organizado co obxectivo de fomentar o deporte e o compañeirismo entre os máis cativos. Na última edición participaron preto de 500 rapaces de toda Galicia e tamén de Portugal.



Xogadores dun dos primeiros equipos federados do Cire



Carné de socio da tempada 1975-1976

O parque Rosalía de Castro, pechado indefinidamente por falta de seguridade

“Por motivos de seguridade estas instalacións permanecerán pechadas”. Así rezan os carteis colocados nas cercas de ferro que dende principios do mes de xullo impiden o acceso á área de xogos infantil do Parque Rosalía de Castro.

O goberno local decidiu clausurar as instalacións despois de comprobar que o mobiliario da área non reunía unhas condicións mínimas de seguridade. Así o certificaron os técnicos municipais tras as queixas formuladas por pais e nais, que foron os que en primeira instancia alertaron do estado da zona de xogos. O parque infantil construíuse hai cinco anos pero o seu nivel de deterioración é considerable e algúns elementos mesmo comezan a podrecer.

É por isto que, segundo o executivo municipal, o mobiliario non vale para arranxar e haberá que cambialo por completo. Ante a falta da partida



Nos primeiros días a área infantil pechouse sen explicitar o motivo

económica necesaria para acometer a compra de material de forma inmediata, dende o Concello evitan fixar unha data para a reapertura das instalacións.

Falta de información

Dende a oposición, o PSOE agarda que o parque volva a estar en uso antes de que remate

o verán e pídelle ao PP que non actúe coa “falta de información e improvisación” coa que ao seu xuízo xestionou a situación nun primeiro momento. Segundo os socialistas, a área foi cerrada sen sequera colgar un cartel explicando os motivos do peche e moitos cativo seguiron utilizando a pesar das cercas de ferro colocadas.

O PSOE pide a dimisión do concelleiro de Sanidade

Persoal do Centro de Saúde de Melide remitiu o pasado 11 de xullo un escrito á Xerencia de Xestión Integrada de Santiago para manifestar a súa disconformidade coa conduta que está a manter o concelleiro de Sanidade, Benito Nebril, no seu trato cos traballadores.

Así o poñen de manifesto os socialistas de Melide, quen se fan eco da situación “de gran preocupación e malestar” que se vive no ambulatorio pola actitude “despótica” do responsable local da área sanitaria, que tamén é médico do servizo de urxencias do PAC.

Segundo explica o PSOE nun comunicado feito público, o escrito foi asinado “pola gran maioría” dos profesionais e nel dáse conta da forma do proceder do edil, que presuntamente

acusa aos traballadores de maltratar aos pacientes e re-crimínalle aos responsables do centro a elaboración de partes de avarías. Segundo recollería o escrito, tamén é habitual que o edil intimide ao persoal aludindo ao cargo que ocupa no Concello.

Os socialistas de Melide consideran que o concelleiro está a actuar “como un comisario político” e que se extralimita nas súas funcións. En base a iso anuncian que tomarán medidas a nivel local e autonómico: por unha banda solicitarán a convocatoria urxente da Xunta Local de Portavoces para “esixir responsabilidades políticas”. Por outra, e a través do grupo socialista no Parlamento de Galicia, solicitaranlle á conselleira de Sanidade “información sobre o asunto e medidas”.

Ánxeles Vázquez será deputada provincial no final do mandato

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, sentarase nos escanos da Deputación entre os anos 2017 e 2019. Así o decidiu a dirección provincial do Partido Popular tras as reunións mantidas cos alcaldes e portavoces do Partido Xudicial de Santiago unha vez coñecidos os resultados das eleccións municipais.

Xunto con Ánxeles Vázquez accederán á institución provincial na segunda parte do mandato o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e o concelleiro popular de Compostela Alejandro Sánchez-Brunete. Farano para substituír a Agustín Hernández, voceiro do PP no concello de Santiago; Andrés García, alcalde de A Baña, e Susana García, concelleira popular en Ordes.

O pleno para a constitución da nova Deputación celebrárase o día 16 de xullo.

Un mes e medio e 50.000 € para a comisión do San Roque



Os membros da comisión mantiveron unha reunión coa alcaldesa

O San Roque volverá a estar organizado por unha comisión de festas. Logo de que en 2014 o Concello lle cedese o relevo á iniciativa veciñal, o pasado 24 de xuño dábase a coñecer o nome das persoas que se encargarán de organizar este ano as festas grandes da vila. No equipo ten un peso específico a *Asociación de Hostalería Melide Móvese* e están tamén representados outros sectores gremiais. A comisión botou a andar con pouco máis de mes e medio para pechar o cartel das festas e con 50.000 € de achega municipal que o executivo melidense reservou nos orzamentos deste ano. O que transcendeu ata agora do San Roque 2015 e que volverá haber feira medieval (os días 11, 12 e 13) e que as festas se prolongarán ata o día 20. A cantante Sés poñerá o peche e están aseguradas “bandas, música tradicional e boas orquestras”.

FOTO-DENUNCIA

Boooomba vai! Pum!!

Por que non chamarlle tamén bombeiros aos lanzadores de bombas de palenque? Esas persoas que nestas datas tan festivas se converten en anunciadores estrondosos da troula.

Xa están en pleno auxe os bombopalenqueiros de Melide. Por falta de práctica non ha ser nunha terra con tantas festas, máis o erro de cálculo é ben frecuente. Xa vimos este ano como as canas das bombas caeron no medio da vila, preto da xente e mesmo sobre coches estacionados no Cantón de San Roque. Tamén noutras ocasións se deixaron ver en patios de vivendas do casco urbano. Bombeiros e bombopalenqueiros de Melide: pedímoslles responsabilidade... e menos puntería!



Dous coruñeses fanse cos títulos de Miss e Míster Galicia da 3ª idade

Os avós galegos máis guapos están na Coruña. Polo menos este ano e a xulgar polo resultado do Festival Galego da 3ª Idade que se celebrou en Melide o pasado 12 de xullo e no que foron coroados Miss e Míster Galicia 2015: Amparo Morales e José Martínez. 74 anos ela. 82 anos el. Os dous residentes na cidade herculina, con boa percha, elegancia e so-

bre todo moita alegría e vitalidade; os ingredientes perfectos para facerse co primeiro premio dun certame de beleza que leva celebrándose en Melide 22 anos e que congregou nesta edición a preto de 1.000 xubilados chegados das catro provincias galegas.

Na categoría feminina foron vinte as mulleres que se presentaron a un concurso

do que Melide tampouco se foi coas mans baleiras, pois unha das representantes locais, Ana Alcalde, fíxose coa banda de Miss Elegancia. O mesmo sucedeu na categoría masculina, onde competiron dez candidatos e no que Jesús Arias, veciño da vila, resultou elixido Mister Marchoso.

Se despuntamos en beleza, mellor nos foi aínda no tradicional Campionato Galego de Pasodobres, que este ano se celebrou por primeira vez en sesión matutina. Os representantes de Melide fixeron pleno, con primeiro posto para a parella formada por Roberto García máis María Montero e segundo posto para Luis Seijas e Carmen Pérez.

Degustación de melindres, sesión vermú e baile a cargo dunha orquestra completaron a XXII edición dun festival ao que o Concello lle prevé dar “un gran cambio” de cara ao ano que vén.



Amparo Morales (74 anos), Miss Galicia 3ª idade



José Martínez (82) anos, Míster Galicia 3ª idade



Os representantes de Melide tamén resultaron premiados: Jesús Arias, Mister Marchoso e Ana Alcalde, Miss Elegancia




GRANDES

REBAIXAS



MIS MEJORES

LABORES



Avenida de América, 3 - MELIDE

A UNESCO declara Patrimonio Mundial da Humanidade os camiños do Norte e Primitivo

Melide, Toques e Sobrado ven nesta distinción unha oportunidade para o crecemento

O Camiño do Norte e o Camiño Primitivo, con percorrido por tres concellos da Terra de Melide, son xa Patrimonio da Humanidade. Este recoñecemento, o de maior categoría que pode recibir un ben, representa non só a culminación dun proceso que durou sete anos, senón tamén un impulso para o desenvolvemento de Galicia en xeral e para o de Melide, Toques e Sobrado en particular; os tres municipios da comarca que atravesan estas rutas milenarias e que teñen ante si unha nova oportunidade de crecemento.

Este foi o aspecto no que incidíu o Conselleiro de Cultura e Educación o pasado 5 de xullo nada máis coñecer a decisión da UNESCO. Román Rodríguez destacou “a singu-

lar transcendencia para a Galicia interior pola importancia que a declaración ten como recurso para o desenvolvemento cultural, patrimonial, económico e turístico”.

As boas novas para a comarca non rematan aí, pois a distinción como Patrimonio Mundial inclúe o recoñecemento singular de catro bens galegos, entre os que está o mosteiro de Sobrado dos Monxes, xunto coa muralla e a catedral de Lugo máis a basílica de Mondoñedo.

A día de hoxe son cinco os bens patrimonio da humanidade que hai en Galicia: a cidade vella de Santiago de Compostela, elixida en 1985; o Camiño de Santiago Francés, inscrito en 1993; a muralla romana de Lugo, recoñecida no 2000; a Torre de Hércules,



O Camiño Primitivo na súa recta final cara a Melide

que acadou a súa inclusión en 2009 e o recentemente nomeados Camiños da costa, coas

súas dúas variantes: o Camiño do Norte e o Camiño Primitivo. Estes dous itinerarios

transcorren por un total de 25 concellos das provincias de Lugo e A Coruña.

Dous camiños en auxe

Foron tradicionalmente unhas das rutas xacobeas menos concurridas, pero nos últimos anos a tendencia está cambiando e cada vez son máis os peregrinos que escollen o Camiño do Norte ou o Primitivo para chegaren a Compostela. Os últimos datos publicados pola Xunta de Galicia indican que no que vai de 2015 o Camiño do Norte sumou 4.634 peregrinos, o que representa un 4,57% máis ca no mesmo período do ano pasado. No que respecta ao Camiño Primitivo, acolleu 3.803 peregrinos, un 3,76% máis.

Sobre este último itinerario, que pasa por Toques e conflúe en Melide co Camiño Francés, díse que é un dos de maior beleza paisaxística e dureza. Ten ademais o atractivo de ser considerada a ruta máis antiga de todas. Facer o Camiño Primitivo é seguir as pegadas do primeiro peregrino, o rei Alfonso II, quen no ano 813, e logo de coñecerse o achado do sepulcro do Apóstolo, camiñou dende Oviedo para comproballo en persoa.



O Camiño Primitivo ao seu paso pola Serra do Careón, en Toques



Peregrinos da Diocese de Tortosa no Camiño Primitivo en Melide

Melloras para “estar á altura” dun Patrimonio da Humanidade

Catro días despois de seren declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, o goberno da Xunta anunciou un conxunto de actuacións no Camiño Primitivo e no Camiño do Norte para “estar á altura” do recoñecemento recibido e para ter capacidade de resposta ante o incremento de camiñantes nestas rutas.

En concreto os traballos previstos teñen como finalidade reforzar a rede de albergues, mellorar os servizos aos peregrinos, acondicionar o estado das rutas, impulsar a promoción destes camiños e afondar na coordinación entre as administracións e institucións implicadas. No tocante á rede de albergues prevese abrir un novo establecemento no núcleo histórico do concello da Fonsagrada co obxectivo de duplicar a oferta de prazas na lo-

calidade. Tamén se edificará un novo albergue na zona de Friol.

Sobre os servizos aos peregrinos, dotaranse de conexión wifi os albergues, recuperaranse fontes de auga potable, reforzaranse a asistencia sanitaria e ampliarase a oferta de actividades sanitarias. Tamén se prevé intervir no eido do acondicionamento, prestando maior atención á limpeza de marxes, mellorando a sinalización para adaptala ás delimitacións recentemente aprobadas e incidindo na seguridade viaria.

O conxunto de actuacións atenderá ademais ao ámbito da promoción. Nesta liña o goberno autonómico adiantou que aproveitando a declaración de Patrimonio da Humanidade, o vindeiro ano 2016 será o Ano do Camiño Primitivo e do Norte.

As retribucións do novo alcalde tensan o primeiro pleno do mandato en Toques

O novo curso político comezou con intensidade en Toques e intercambio de reproches entre goberno (BNG, PSOE) e oposición (PP) no primeiro pleno do mandato, ese que serve para definir o funcionamento do Concello e establecer o réxime de retribucións dos cargos electos.

Precisamente foi esta última cuestión a que destapou a caixa dos tronos ao aprobar o equipo de goberno unha dedicación exclusiva para o alcalde, o nacionalista José Ángel Penas, pola que percibirá 28.850 euros brutos anuais. A isto súmaselle outra dedicación, neste caso parcial, por importe de 13.743 euros ao ano para a concelleira do PSOE Vanessa Peteiro. En total, os gastos en salarios de cargos políticos superarán en 15.097 euros anuais os do anterior executivo (PP, Independentes), no que había dous concelleiros con cadansúa dedicación parcial e no que os alcaldes non tiñan soldo asignado.

Consciente da tempestade que ía desatar a nova proposta, o actual rexedor xustificou a súa decisión antes mesmo de que a oposición pedise

explicacións. Penas asegurou que a dedicación exclusiva non estaba nas súas pretensións iniciais pero que se viu abocado a ela por cuestións laborais: “o meu traballo (técnico agrícola) estaba financiado con fondos da Unión

A oposición bóttalle en cara a José Ángel Penas que vaia gastar 15.097 € máis ao ano en salarios de cargos políticos

Europea e tiven que renunciar a el porque non me permitían unha dedicación parcial”. A isto o rexedor engadiu que percibirá “o mesmo que estaba cobrando antes” e que a súa retribución “é das máis baixas dos alcaldes do contorno”.

“Prisioneiro das palabras”

As explicacións non convenceron ao líder da oposición, o popular José

Antonio Castro, que atacou duramente o réxime de retribucións aprobado: “durante seis anos houbo dous alcaldes en situación parecida e renunciaron a cobrar”, dixo, “eu nunca vin un duro nin pasei unha soa dieta e agora vendo isto quedaseme cara de bobo”.

Ao mesmo tempo Castro acusou ao BNG de estar practicando no goberno o que criticaba dende a oposición: “se non teño demencia, nalgunha proposta incluso nos pedistes que renunciáramos ás dietas”, argumentou, “cada un é prisioneiro das súas palabras. Non ter falado antes”.

Por outra banda o voceiro do PP advertiu das consecuencias que poden derivar para as arcas municipais: “se antes eramos pobres, tanto mellorou a cousa para ser ricos? Agora si que non imos cumprir co plan de déficit”, sentenciou. Malia a contundencia das críticas, dous dos catro concelleiros do grupo popular optaron por absterse á hora da votación. Un deles foi o ex alcalde Jorge Calvo, quen explicou que “sobre as remuneracións pódese estar de acordo ou non pero agora hai que esixir resultados”.

Terra Doce inicia o proceso para conseguir unha marca de garantía para a repostería local

A asociación de repostería tradicional *Melide Terra Doce* acaba de emprender camiño para conseguir unha marca propia para os melindres, ricos e amendoados que produce. Con esta medida os reposteiros da comarca pretenden certificar a calidade e as características propias dos doces da zona para poñelos en valor e evitar que sexan obxecto de copias fraudulentas coas que se pode enganar ao consumidor.

O primeiro paso foi unha reunión que representantes da asociación e do Concello mantiveron recentemente co subdirector xeral de Industria e Seguridade Alimentaria, Ricardo Rivas, co obxectivo de buscar asesoramento e coñecer de primeira man as liñas a seguir. No encontro acordouse que a fórmula máis axeitada para protexer os doces locais sería crear unha marca de garantía, que segundo explicou o



presidente de Melide Terra Doce, Alberto Rodríguez, na radio municipal “non é outra cousa ca definir os nosos produtos para ter unha base legal en canto a morfoloxía, textura, sabor, procesado, elaboración ou utilización de materias primas”.

Deste xeito, unha vez que eses parámetros estean definidos e a marca aprobada, ningún melindre, rico ou amendoado que non se axuste a esas

características poderá ser comercializado como un doce tradicional da comarca: “eses baremos de calidade van estar identificados cunha pegatina que os vai diferenciar do resto de produtos para que o consumidor final saiba realmente o que está mercando”, explicou Alberto Rodríguez.

Segundo asegurou o presidente de Melide Terra Doce, a asociación xa ten un borrador deseñado e a día de hoxe está delimitando a zona xeográfica de produción na medida en que, ao seu xuízo, “é moi importante defender estes produtos dende o territorio”. O seguinte paso será enviar toda a documentación á Oficina de Patentes de Madrid, previo visto e prace da Xunta, para obter o certificado da marca de garantía. Os reposteiros prevén completar todo o proceso antes de que remate o ano.

ADOPCIÓN DE CANS ABANDONADOS

Axúdalles a atopar o fogar que merecen



— CACHORROS —

Urxe adopción destes cachorros, fillos dunha cadela mastín atigrada. Eran 11 irmáns e 5 deles aínda non atoparon fogar. Un mes e medio de idade. Vacinados e desparasitados.



— LUKA —

Cadela cruce de mastín e labrador. Once meses de idade. Criada a biberón dende os tres días. Moi cariñosa e bulideira.



— PASTOR ALEMÁN —

Dous cachorros de raza pastor alemán. 3 meses. Moi ben levados. Adopción conxunta preferentemente.

Tlf. de contacto:
639 97 10 05

Visita a páxina de Facebook
“CANS PERDIDOS EN MELIDE”
para obter máis información



CRÓNICA EN CATRO ESTADIOS

O sector gandeiro, de novo en pé de guerra polo baixo prezo do leite

UNHA SITUACIÓN LÍMITE

1

A crise pola que atravesamos o sector leiteiro galego dende hai anos volveu amosar a súa peor cara nos últimos meses. Lonxe de mellorar, os datos dan conta dunha situación de alerta vermella que pon en serio risco o futuro de 10.000 explotacións gandeiras, 26.000 postos de traballo directos e arredor de 45.000 indirectos. Por primeira vez nos últimos cinco trimestres, e como consecuencia directa da crise de prezos, a achega do sector primario ao produto interior bruto de Galicia rexistrou números negativos. Concretamente, entre xaneiro e marzo de 2015 a actividade contabilizou unha caída do 0,9%, máis do dobre cá industria. A isto hai que engadir un mercado liberalizado e un escenario internacional con maior produción e menores prezos que arrastrou á baixa, e moito máis do agardado, as cotizacións no campo galego. Tanto é así que hai unhas 1.000 explotacións leiteiras, o 10% do total, que están recibindo entre 0,18 e 0,20 euros por litro producido. Os sindicatos denuncian que esta situación só se está a vivir en Galicia e que obedece a unha estratexia de deslocalización para achegar a produción de leite en España aos grandes centros de consumo.

3

REACCIÓN DOS ALCALDES

O primeiro alcalde en tomar a iniciativa para tratar de buscar unha saída digna para os gandeiros foi do de Boimorto, Xosé Luis Rivas, que convocou aos rexedores de toda Galicia para deseñar unha estratexia común e presionar tanto á industria láctea como ás administracións supramunicipais. Ao primeiro encontro asistiron 20 alcaldes.

Tamén os rexedores do PP na comarca se puxeron mans á obra. A iniciativa do alcalde de Curtis, Javier Caínzos, os rexedores de Aranga, Vilasantar, Mesía e Sobrado asinaron un acordo de apoio ao sector no que solicitan que se cumpran os contratos asinados cos gandeiros. Instan tamén á Xunta a que faga os requirimentos oportunos en caso de que a industria non respecte os pactos establecidos. Ao acordo adxuntáronse documentos entregados polos gandeiros para desmontar a coartada de Leite Río, que xustificou a paralización da recollida en que o leite non reunía unha calidade mínima.



PRIMEIRA RESPOTA Á PROVOCAÇÃO

2

A indignación do sector primario pola situación actual comezou a facerse patente na montaña coruñesa. Preto de 500 gandeiros saíron á rúa a finais de xuño en Teixeira (concello de Curtis) para manifestarse baixo o lema “Prezos xustos para os nosos produtos. Garantía de recollida”. A convocatoria non só tiña por obxectivo reclamar unhas cotizacións dignas para o leite, senón tamén solidarizarse coas explotacións ás que Leite Río deixara de recollerlles o produto.

“Agora tocoulles a eles e mañá pódenos tocar a nós”, precisaron os gandeiros de Curtis nun comunicado. “Non podemos seguir producindo nas actuais condicións, cuns prezos que nos están a levar á ruína e coas industrias facendo de nós o que queren mentres a Consellería de Medio Rural e o Ministerio de Agricultura miran para outro lado”.



A concentración estivo apoiada por varios alcaldes da comarca, como o de Santiso, Manuel Adán (BNG); o de Toques, José Ángel Penas (BNG); o de Sobrado, Lisardo Santos (PSOE) e o de Boimorto, Xosé Luis Rivas (BNG). Non estiveron os rexedores do PP. Tamén participou a eurodeputada de AGE Lidia Senra e representantes de Unións Agrarias e o Sindicato Labrego Galego, que ve nas ameazas de non recoller o leite “unha estratexia máis da industria para acurrallar as granxas e impoñer prezos cada vez máis baixos”.

4

PLATAFORMA E MANIFESTACIÓN

Ante a urxente necesidade de atopar unha saída, as tres principais organizacións agrarias de Galicia (Unións Agrarias, Sindicato Labrego Galego e Xóvenes Agricultores) impulsaron a creación da Plataforma pola Defensa do Leite Galego, a cuxo acto de constitución en Compostela asistiron preto de 200 persoas, entre elas unha ampla representación de alcaldes de todas as cores políticas.

Os promotores remarcaban a importancia de levar adiante unha resposta “unánime e contundente” para facer unha fronte común ante o que consideran “un boicot” da industria para provocar “unha volta atrás” do paquete lácteo. Como medida máis inmediata da plataforma, convocouse unha manifestación para o vindeiro 17 de xullo na capital de Galicia, a que lle seguirá “unha gran tractorada”.

A Plataforma esíxelle á Xunta e ao Goberno central determinar a ilegalidade de todos os contratos asinados baixo presión da industria, reforzar o poder negociador dos gandeiros establecendo a arbitrase, garantir a recollida, unificar os criterios autonómicos para evitar a venda a perdas da distribución e axudarlle ás granxas a reducir custos.

Na memoria cinematográfica de Melide *Arroz Amargo* ocupa un lugar de excepción. As desventuras dunha parella de ladróns interpretada por Doris Dowling e Vittorio Gassman cos arrozais do norte de Italia como telón de fondo deixou pegada en toda unha xeración da vila. “É unha película da que todo o mundo nos fala; as actrices ensinaban perna e ademais tiña moito contido político e de reivindicación obreira”, explica Cristina Vázquez, traballadora do museo comarcal, ao tempo que repasa anotacións e revisa unha caixa chea de folletos e entradas para os cines que tivo Melide no século pasado.

É só unha pequena parte do material co que levan traballando no museo dende hai semanas para preparar a exposición temática que cada ano inaugura antes das festas do San Roque e que desta volta levará por título “*O cine e as veladas no Melide de mediados do século XX*”. Non só películas, senón tamén as obras de teatro serán obxecto da mostra, pois aquelas salas de cine con escenario incorporado foron o lugar de representación de centos de obras interpretadas polas compañías amateur que había na vila, onde o teatro sempre gozou de moi boa aceptación.

En vista do abondoso material fotográfico reunido, Cristina Vázquez adianta que

Recordos da gran pantalla e lembranzas sobre o escenario

O museo comarcal prepara unha mostra para agosto sobre o cine e as veladas no Melide de mediados do século XX



Folleto sobre a proxección de “Allá en el rancho grande” no Cine Capitol, ano 1942

a exposición “vai gustar moito e vaille traer recordos á xente de Melide, porque verán a moitos coñecidos e veciños

que actuaban e que xa non están con nós”. En definitiva, a mostra será o reflexo “dun momento moi bonito, dunha

época dourada para Melide e culturalmente moi produtiva a pesar do réxime franquista e das carencias económicas”.

Cinco cines en Melide

Xunto con *Arroz amargo*, que conseguiu superar a censura (aínda que os diálogos foron modificados na dobraxe), outros coñecidos títulos como *La Revoltosa*, *Allá en el Rancho Grande* ou *Marcelino pan y vino* pasaron a engordar a lista de películas que se proxeccionaron nos cinco cines que tivo Melide en diferentes momentos do século pasado.

O primeiro do que se ten constancia estaba onde actualmente se atopa Pulpería Ezequiel: “era un garaxe con bancos corridos que puxeron en marcha dous socios, un de Melide e outro de Visantoña, e que durou cinco anos”, comentan dende o museo. Corrían daquela os anos trinta. Na década dos corenta abriuse o Cine Capitol (a carón de onde hoxe se atopa o Kebab Güzel) e na dos cincuenta inaugurouse o Cine Madrid-París, no edificio onde actualmente está a discoteca Palladium. Do que apenas se sabe nada é dun cine de vida efémera que houbo na Rolda da Coruña. Máis documentado está o Teleclub Priorada, unha caste de cine, alonxado do concepto puramente comercial, que impulsaron os padres pasionistas no seu convento. Corrían daquela os anos 60. Xa avanzado o tempo, crearon un foro no que tamén se debatía sobre as películas logo da proxección.

CO TEATRO CORRENDO POLAS VEAS. UNHA ÉPOCA DOURADA



Representación da obra “La muralla”, no Cine Madrid-París, ano 1959

O teatro ocupará un espazo importante na exposición organizada polo Museo da Terra de Melide: “aquí sempre houbo moita tradición”, comentan, “moitos grupos de veciños que formaban compañías, se cadra sen sequera poñerlles nome, e que se xuntaban e ensaiaban para facer representacións con certa



Representación da obra “Morena clara” no Cine Madrid-París, ano 1964

frecuencia”. Destacan con sorpresa que “moitas destas actuacións se facían en galego, a pesar de que estamos a falar dos anos 50 e 60” e dun contexto de ditadura. Títulos como *O rei da carballeira* ou *Hoxe vai chover* dan conta dunha cultura feita en clave galega e dun momento cultural do máis produtivo.

Melide acollerá o día 18 o primeiro Festival de Habaneras no Camiño

Os sons cálidos e melosos da Cuba profunda chegarán a Melide este verán. Farano de man da Coral Polifónica, cuxa nova xunta directiva se puxo a traballar arreo nada máis ser nomeada no mes de marzo para organizar na vila o primeiro Festival de Habaneras no Camiño.

Será o sábado 18 de xullo na Praza do Convento, un escenario a ceo aberto que acollerá dúas horas de música a cargo de catro formacións: Coral Villa Blanca de Luarda, Coral do Círculo Mercantil de Ribeira, Coral Val do Frago de Vigo e a propia Coral Polifónica de Melide.

Habaneras no Camiño

Esta iniciativa en forma de festival de habaneras xurdiu para cubrir un baleiro musical e para responder en certa medida ás demandas do público, segundo explica Miguel Rúa, secretario da Coral: “No Nadal

xa facemos o certame de panxoliñas e a Semana da Música ábrese a estilos moi diferentes, pero o das habaneras era algo que non había e cremos que vai gustar”. Os antecedentes,

Organizado pola Coral Polifónica, traerá á vila a tres formacións e será o marco para a gravación dun disco

cando menos, así o indican: “este ano cando estabamos vendendo o disco na Festa do Melindre, véu moita xente preguntarnos se había habaneras”. Non hai dúbida da boa aceptación que teñen estas composicións musicais, un clásico nos repertorios das corais que a Polifónica de Melide quixo

asociar á Ruta Xacobe: “certames de habaneras hai moitos pero no Camiño ningún”, explica Guillermo López, presidente da Coral melidense.

Nesta primeira edición, por cuestións de tempo, as formacións participantes non están directamente relacionadas co Camiño: “xa tiñan compromisos e foi imposible, pero para o ano xa se verá”, comenta o presidente, quen manifesta a intención de consolidar o Festival de Habaneras e de realizalo de agora en adiante cada 18 de xullo. O que si fixo a xunta directiva foi “visitar todos os alcaldes do Camiño Francés, dende O Cebreiro ata Santiago para que veñan ese día e traian xente, para que o festival teña a máxima repercusión posible para Melide”.

Gravación dun disco

O concerto do primeiro Festival de Habaneras no Camiño quedará para a posteridade,



Adolfo Álvarez

A nova directiva da Coral Polifónica na Fonte dos Catro Canos

pois será gravado para logo publicar un disco. Durante os descansos tamén se proxectarán sobre as paredes da igrexa parroquial imaxes e vídeos sobre os concellos polos que pasa o Camiño. Unha vez rematado o evento, celebrarase unha cea de confraternidade no Hotel Carlos 96 á que se estima que asistan unhas 150 persoas.

Agradecementos

Malia as présas coas que

houbo que organizar o festival e ás moitas horas dedicadas (“dende que entramos creo que nos reunimos todos os días menos os domingos”, comenta Guillermo López), a directiva da Coral Polifónica está moi satisfeita coa resposta que recibiu a súa iniciativa por parte do pobo de Melide: “en todas as portas ás que chamamos nos responderon moi ben. Estámoslle moi agradecidos á xente, ao sector comercial e ao Concello”.

**CHINCHES?
MOSCAS?
CARCOMA?
ROEDORES?
CUCARACHAS?**

Plagostel
H.I.E.S. 2017 S.L. S.C.

ca idat e hixiene a imentaria

comercial@plagostel.com | 698 163 399

www.plagostel.com

BUSCO

NOIVA

REQUISITOS:

- ALEGRE
- DIVERTIDA
- SINCEIRA
- CARIÑOSA
- Que lle guste BAILAR
- Que lle encante que lle saquen FOTOS

- Que QUEIRA OU TEÑA EN MENTE CASARSE este mesmo ano
- Que preferentemente o seu MOZO lle houbera PROPOSTO MATRIMONIO

E como requisito indispensable

- Que me queira CONTRATAR como o FOTÓGRAFO DA SÚA BODA

INTERESADAS:

- Chamar os tfnos: 677 732 706 - 634 752 656
- Email: imaxinamelide@gamil.com
- Na nosa dirección: C/Florentino Cuevillas 4 bx
- Tamén no Facebook: Imaxina Estudio Fotográfico
- Ou aquí mesmo...

imaxina

FESTAS NA HONRA Á VIRXE DO CARME

MANUEL RODRÍGUEZ VILA , ORGANIZADOR

“O meu obxectivo é facer unha festa familiar na que xente o pase ben”

-Canto tempo leva vostede organizando as festas na honra á Virxe do Carme?

-Manuel Rguez. (M.R.): Agora levo sete anos seguidos pero na década dos 70 xa estiven outros tres ou catro. Había unhas rapazas da confraría que tamén me axudaban pero xa levaban tempo e acabáronse cansando, como é normal. Agora tampouco hai xente que se queira meter na organización. É unha pena, porque a tradición había que seguir con ela, pero...

-Non se lle fai moito traballo para vostede solo?

-M.R.: Eu gozo facendo isto porque estou xubilado e teño tempo libre. O único problema é que sacrifico á miña familia sen necesidade ningunha. Grazas a ela que me está

botando unha man, porque non hai quen axude.

-A que portas chama para reunir os cartos precisos?

-M.R.: Traballo todo o ano para facer a festa; hai moito que mover. En decembro empezo coa lotería de Nadal e logo en xaneiro outra vez coa de Reis. Cando acabo coa lotería xa empezo a buscar anuncios das casas comerciais e despois xa hai que ir pedindo polas casas. A iso haille que sumar tamén as achegas dos confrades, que pagan unha cota anual de dez euros .

-Cantas persoas forman parte da confraría?

-M.R.: Actualmente debe haber uns 800 confrades, pero cada vez van a menos porque a xente nova non se quere me-

ter e a vella vai morrendo. Este ano só fixen catro ramistas novos e a base de moito insistir.

-Non se pensou en subir as cotas para dispoñer de máis recursos?

-M.R.: De momento non. Para moito non dan pero voume adaptando a iso. Con moito traballo e coa colaboración dos confrades e da igrexa, van saíndo as festas adiante. A eles quérolles dar as grazas e tamén ás empresas, ao Concello e aos veciños. Sen eles non fariamos nada.

-Que parte da organización é a que menos lle gusta?

-M.R.: O que máis me mata, con todos os meus respectos para os bares, é que non estou acostumado a tomar. Pero en-



José Rodríguez leva sete anos cargando co peso da organización

trar nun sitio para pedir cartos e non tomar nada... parece que tampouco aquece nada ben... entón nese aspecto teño que facer un esforzo.

-Como se presentan as festas deste ano?

-M.R.: Penso que van gustar. Van máis ou menos na mesma

liña de sempre, que é a que eu quero seguir: non facer unha festa comercial, senón unha festa familiar e para os confrades, con orquestras para bailar. Que a xente o pase ben é o meu obxectivo. Son unhas festas que se fan con moito cariño; se algún defecto hai, pido desculpas...

Tu Boutik

Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394

tuboutik@hotmail.com

Herboristeria Centro Dietetico Chus

Dietisa

Camiño de Ovedo, nº 15
MELIDE

TLF.: 627 03 59 73 / 981 50 56 24

Chusherboristeria@hotmail.com

Bodegas Alejuto

Bebidas Espirituosas
Licores
Alejuto

Naturais, Aromáticos e Dixetivos.
Produtos de 1ª Calidade

Tfnos.: 981 507 762 - 652 819 732 - 654 532 557
www.licoresmejuto.com
Ronda de Pontevedra, nº 74 - 15800 MELIDE (A Coruña)

PRODUCTOS ORIXINAIS
1ª Calidade - Dende 1954

Bodegas Alejuto
Viños e Licores

O día no que Furelos regresou a 1900

Veciños da aldea recrearon a época a través dos oficios tradicionais

O escenario xa o tiñan, e era inmellorable. Só lles faltaba sacarlle a ferruxe a algunhas ferramentas e botarlle moitas ganas, algo que non lle faltou á veciñanza de Furelos para facer unha viaxe no tempo e recrear na aldea o estilo de vida do ano 1.900.

Foron tres intensos días de finais do mes de xuño nos que arredor de 50 figurantes (entre os propios veciños e membros da Asociación Cultural Charamela) participaron dunha especie de parque temático de principios do século pasado. Nun paseo pola aldea os visitantes puideron recordar (ou descubrir) numerosos oficios da época: queixeiras, costureiras, telleiros, tallistas, feirantes, boticarios, a mestra na escola, lavandeiras, cesteiros, o carteiro, o médico, os gardas civís, filloeirás ou panadeiros foron algúns deles.

Non faltou tampouco o barqueiro, boa música durante as tres xornadas e comida



Fotografías: Turismo Melide

campestre á beira do río para completar tan boa experiencia.

"O ABRAZO DAS IDADES"

VI Encontro Interxeneracional
Terra de Melide

8 DE AGOSTO

na Casa da Cultura

de 12:00 a 14:00

Obradoiro de cociña

de 12:00 a 14:00 e de 17:30 a 19:30

Exposición de xogos de café e té

19:30

HOMENAXE INTERXENERACIONAL

20:00

"O SEGREDO DO TENDAL"
con Raquel Queizás

21:00

Concurso "TI SI QUE VALES"
coa actuación do mago Dani Polo

Organiza: Asociación Cultural Charamela

Roval
JOYERÍA



Colección Alianzas
2015



*Máis de 30 anos conseguindo
a confianza dos nosos clientes !!*

- **Xoiería en ouro, prata e aceiro.**
- **Confíanos as túas reparacións de xoiería e relojería.**
- **Trofeos e placas conmemorativas.**
- **Todo tipo de gravacións.**

Sabías que...?

En Xoiería Roval dispoñemos dun amplo catálogo de trofeos deportivos e placas (madeira, cristal, prata, alpaca,...) para calquera tipo de evento, podendo facer a gravación que se desexe, incluíndo fotografías, logos,... Ademais, poderás escoller entre un amplo surtido de agasallos para celebracións especiais.

3ª CONCENTRACIÓN MOTEIRA



Membros da organización coa alcaldesa no concerto do sábado 4 de xullo



Quiñoy



Adolfo Álvarez

*O cambio de datas e de ubicación foi todo un acerto
Bo ambiente, motos, acrobacias e moita música dos 80*

3ª MEDIA MARATÓN NO CAMIÑO



Corredores da Asoc. deportiva Cerne, organizadora da carreira, en Palas de Rei



Francisco M.



Enfócame

*Récord de participantes (631)... e de temperatura (30,8º)
Akka Essaadaoui e Joselyn Brea, vencedores*



EN MUEBLES Y COLCHONES



C/ Martagona, 13
MELIDE
981 50 79 64 - 662 55 11 16
electrosanmelide@gmail.com

Carlos Mosteiro, elixido presidente do Cire co apoio do 70% dos votos

O Club de Fútbol Cire celebrou o pasado domingo 12 de xullo eleccións á xunta directiva. Setecentos cinco socios estaban chamados a votar para escoller entre as dúas candidaturas que aspiraban a xestionar a entidade. Finalmente o equipo encabezado por Carlos Mosteiro Varela proclamouse vencedor ao obter 263 votos, fronte aos 109 que logrou a candidatura liderada por Antonio Varela Expósito. Rexistrouse ademais un voto en branco e outro nulo.

Con este resultado o Club de Fútbol Cire, que en 2015 celebrou o seu 40º aniversario, abre unha nova etapa despois de 22 anos baixo a presidencia de Jesús Carlos Pampín. Na nova andaina Carlos Mosteiro estará acompañado por un equipo de dez persoas: María Gómez Méndez, José Luís Martínez Ramos, Julia Vázquez Sueiro, José Antonio Abad Barreiro, Ramón Abeledo López, Fernando Carreira Abad, Manuel Conde Vázquez, Ricardo López Novo, Sara López Vilar e Miguel Pampín Vizcaíno.



Carlos Mosteiro Varela no Multiusos tras proclamarse vencedor



A xornada de votacións celebrouse o día 12 e durou catro horas

Reforzarán a seguridade viaria nos cruzamentos do Camiño



Punto conflictivo no cruzamento do Camiño coa N-547 en Sta. María

Turismo de Galicia e o Ministerio de Fomento impulsarán a creación dun Grupo de Traballo de Seguridade Viaria para mellorar os puntos de conflito entre as estadas estatais e autonómicas e o Camiño de Santiago. O obxectivo é analizar os lugares de cruzamento e planificar actuacións consensuadas, ben sexan obras ou melloras na sinalización, de cara a evitar os riscos para os peregrinos. As medidas acordadas comezarán a aplicarse no trazado paralelo á N-547 que ten o Camiño Francés nos concellos de Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino.

Por outra banda, aínda que tamén en materia de sinalización, O BNG de Melide presentou no Congreso, a través da deputada nacionalista Rosana Pérez, unha iniciativa que lle trasladaron os hostaleiros melidenses para que na saída da autovía A-54 en Lavacolla se instale un indicador que sinala a dirección a Melide.

240 moz@s nos campamentos de Furelos



Un total de 240 mozos e mozas de entre 12 e 17 anos participarán nalguna das cinco quedas que acollerá este verán o campamento xuvenil de Furelos. Baixo o nome “Natureza no Camiño” e “Implica-T”, realizarán actividades de bicicleta, tiro con arco, orientación, sendeirismo ou voluntariado no Camiño. A Directora Xeral de Xuventude, Celia Vázquez, aproveitou a súa visita ao campamento de Furelos para destacar que a Xunta investirá este ano máis de 2,4 millóns de euros para financiar as 8.500 prazas desta campaña de verán.

Troitas de volta ao río mentres non chova



A Asociación de Troiteiros “Río Furelos” pide-lle aos seus socios que devolvan as troitas capturadas ao río “en tanto o réxime de choivas non mellore substancialmente o caudal do mesmo”. Trátase dunha petición excepcional acorde á situación tamén excepcional do caudal do Furelos, “que está moi por debaixo do habitual nesta época do ano”. Esta medida pretende “asegurar a riqueza piscícola” do río ao tempo que seguir facendo uso dos permisos de pesca mentres non remate a tempada.

Fútbol e ocio na viaxe das escolas deportivas a Castellón



Os equipos de alevín masculino e feminino sub-16 en Castellón

Os equipos de fútbol sala das categorías alevín masculino e feminino sub-16 das Escolas Deportivas de Melide desprazáronse a finais de xuño ata Castellón para participar no campionato da especialidade que cada ano acolle esta vila do Levante. Os resultados foron positivos, ao quedaren os rapaces no quinto posto e as rapazas de segundas. Ademais, por segundo ano consecutivo, Patricia López foi nomeada mellor xogadora feminina do torneo. A viaxe, que durou tres días, tamén incluíu ocio ademais de deporte e os cativos puideron gozar dunha xornada no parque de atraccións Warner, en Madrid.

DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

ASESORÍA

CC Xestión

Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07

Norbrok Seguros

Avda. Habana, 3 - 1º

981 50 74 44

Seguros Bilbao

Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Prebetong

Brasil, 56, Vigo

981 50 55 76

Canteras Richinol

Arenal, 64, Lalín

981 50 55 04

CARPINTERÍA

Blangar

Ctra. Lugo km 46,

Melide

981 50 54 18

Carpintería Laya

Rua Palas de Rei, 8

981 50 52 83

Maderas**Ovidio Leiva**

Belmil, Santiso

608 58 74 47

COMERCIO

Aceiteiro

Rda. da Coruña, 34

981 50 50 13

Autoecambios**Vulcano**

Avda. de Lugo, 99

981 50 62 18

Bodejas Mejuto

Rda. de Pontevedra, 74

981 50 50 04

Calitex

Galicia, 4

981 50 51 54

Calzados Broz

Camiño de Ovedo, 13

981 50 51 60

Cárnicas García

Rda. da Coruña, 14

981 81 54 00

Casa Juanito

Mateo S. Bugueiro, 39

981 50 51 03

Casa Santos

Avda. de Lugo, 8

981 50 53 96

Centro Comercial**Ares**

Rda. da Coruña, 27

981 50 50 53

Cociñas M. Buján

Avda. de Lugo, 99

981 50 74 21

Colorín Colorado

Rda. da Coruña, 10

881 97 85 60

Cooperativa**Melisanto**

Agüeros, s/n, Melide

981 50 60 26

Deportes López

Avda da Habana, 5

981 50 54 25

Distribuciones**Mella**

Xoán XXIII

981 50 60 68

Ekaté

Cantón de San Roque, 11

881 97 74 17

Electrosan

Martagona, 13

981 50 79 64

Estanco Angarela

Progreso, 9

981 50 60 96

Electricidade Vilela

Avda de América, 34

981 50 59 00

El mundo del pintor

Avda. Lugo, 43

981 50 90 77

Espomasa

Ctra. Melide-Toques,

km 8, Toques

981 50 59 71

Establecimientos**El Mueble**

Rda. Pontevedra, 2

981 50 50 89

Estación de Servicio**Corredoiras**

Corredoiras, 14,

Boimorto

981 51 60 04

Eurocadena

Cantón de S. Roque, 9

670 29 29 17

Floristería Maru

Convento, 9

981 50 75 80

Floristería Strelitzia

Cantón S. Roque, 46

881 81 91 01

Floristería Tarrío

Amador Rguez, 7

981 50 61 64

Froitas Olga

Avda. da Habana, 1

607 36 53 69

Frutas Nati

Pol. Ind. A Madanela

600 44 80 92

Fuciños Rivas

Rda. da Coruña

981 50 50 47

Galaica Bisutería

Rúa San Pedro, 8

981 50 75 49

Imaxina

Florentino Cuevillas, 4

881 95 70 87

Imprenta Meligraf

Rúa Galicia, 26

981 50 62 56

Iris Melide

Emilia Pardo Bazán, 11

981 50 78 06

Jim Sports**Technology**

Madanela S/N

981 50 64 34

José Xaneiro

Avda. Toques, 57

981 50 53 35

Joyería Oro Ley

Rúa de San Pedro, 14

981 50 54 68

Joyería Silvela

Rda. da Coruña, 40

981 50 59 97

La Cortina

Avda. Lugo, 43

981 50 63 58

Lácteos Terra de**Melide**

Orois, Melide

981 80 80 09

Laia Zapateiros

Praza Convento, 4

626 25 20 54

Leiva Motosport

Rda. da Coruña, 52

981 50 73 34

Librería Cousas

Avda. da Habana, 29

981 50 57 75

Librería Victorio

Taboada Roca, 1

981 50 50 55

M&M Moda

Rda. da Coruña, 58

981 94 24 15

Marvi

Rúa do Convento, 16

981 50 71 94

Melimática

Otero Pedrayo, 6

981 50 78 81

Mis mejores labores

Avda. América, 3

657 43 56 99

Mobles Ares

Rda. da Coruña, 62

981 50 55 64

Modas Alfonso

Mateo Segade, 13

981 50 54 58

Modas El Dándolo

Convento, 15

981 50 63 70

Muebles Paula

Crta. Lugo, km 46,

981 50 57 34

Muxica Tenda**Xoven**

Rúa do Convento, 36

981 50 63 66

Óptica Abal

Rda. da Coruña, 16

981 50 60 97

Óptica Melide

Rúa do Convento, 17

981 50 54 67

Óptica Novalux

Rda. da Coruña, 20

981 50 51 99

Ortopedia Ortosáude

Rda. Pontevedra, 16

981 50 78 74

Panadería e**Pastelería Toques**

Avda. de Lugo, 31

981 50 51 81

Pastelería Estilo

Rúa do Progreso, 6

981 50 51 53

Pastelería Triskel

Novoa Santos, 32

981 50 50 98

Perfumería Lyss

Rda. da Coruña, 44

981 50 76 84

Pescados e**Mariscos Manolo**

Rosaleda, 10

629 81 20 29

Q me compro

Alexandre Bóveda, 16

981 50 51 49

Ramón Cabado

Avda. Toques, 30

981 50 51 37

Ramón Pampín**Bango**

Rda. de Pontevedra, 105

981 50 75 26

Ribeirao

Convento, 12

981 50 50 18

Romero Zapaterías

Rda. da Coruña, 29

981 50 53 56

Sanoguera Fotografía

A Casilla, 1 - Moldes

622 22 28 10

Sisuka Moda

Taboada Roca, 1

881 97 58 62

Suministros**Industriales Cire**

Pol. Ind . A Madanela,

parc. 22

981 50 79 54

Supermercados**Gómez**

Amador Rodríguez, 3

981 50 70 27

Susana Estética

Rúa do Progreso, 27

666 12 37 40

Xebre

Rúa de San Pedro, 16

981 50 57 23

Xoiería Roval

Alexandre Bóveda, 12

981 50 54 31

CONSTRUCCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.

Baltar, Melide

981 51 53 86

Const. M. Espiño

Concepción Arenal, 5

981 50 77 29

Const. Leonardo**Miguélez**

Santa María, Melide

981 50 52 73

Const. Pichel Hnos.

Avda. Estación, 2, Lalín

986 78 07 59

Costoya Varela, J.

Rda. Pontevedra, 51 1º Iz.

981 50 70 89

Cubiertas**Hermanos Blanco**

Pol. Ind. A Raña, rúa 7.

O Barco de Valdeorras

988 33 52 94

Excavaciones**Paradela**

Ribeiro, s/n

Os Ánxeles, Melide

981 50 55 92

Hijos de Casal**Mariño**

E. Álvarez Carballido, 1

981 50 53 10

Hormigones Carral

Sta. María de Veira,

As Travesas, Carral

**NOVO LOCAL DE OCIO
EN MELIDE**

Opium
lounge club

José Luís Mato

Rúa Galicia, 15, Melide



**XORNAL
CERNE**

Anúnciate

981 50 61 88

Info@asetem.com



Imagine CLUB



1º ANIVERSARIO

Na procura do rexeneracionismo

César C. Vega, filólogo

Ante a crise político-social da Restauración e as perdas coloniais, entre finais do século XIX e comezos do século XX xurdiu en España un movemento ideolóxico co obxecto de diagnosticar os motivos da decadencia e establecer medidas meliorativas. O seu promotor, Joaquín Costa, analizou a situación social e económica na obra *Oligarquía y caciquismo como la forma actual del gobierno en España. Urgencia y modo de cambiarla* (1902). Consideraba causantes do atraso o poder arbitrario de gobernadores civís e caciques e maila manipulación turnista do funcionamento institucional. Para acadar isto propoñía a eliminación do caciquismo, substituíndoo por un determinado tipo de neoliberalismo; unha axeitada alimentación e educación, e un proxecto de progreso, sustentado pola europeización, que carrexaría a potenciación das fontes de riqueza, especialmente a política hidráulica.

Un dos máximos representantes galegos foi Eloi Anselmo Luis André (Mourazos, 19-VII-1876—Madrid, 24-V-1935). Este licenciado nas carreiras de Filosofía e Letras e de Dereito ampliou a formación en centros universitarios do estranxeiro. Vertebraba o pensamento co *européismo*, relativo ó modo

de pensar dunha difusa entidade espiritual, que se materializaría na forma estatal republicana, no trazo espiritual da reforma e na revolución como xermolo da alma contemporánea; o *españolismo*, fórmula sintética e articuladora de directrices, procedementos e resolucións necesarias para a sociedade española do século XX, e o *galeguismo*, cuxo obxectivo era elaborar un proxecto modernizador de Galicia en canto realidade psíquica. Ó devandito esquema súmaselle o *activismo ideostético*, resultado do actualismo de Wilhelm Wundt e do substancialismo de Rudolph Eucken.



A obra andriana singularízase polos coñecementos alicerzados en probas e datos. Por unha banda, o galego manexouno en vinte e nove poemas, divulgados en 2014 polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Algúns deles son "Redención", "Río Miño...", "A aixada", "A odisea galega", "A nosa fala", "Sangue... semente" e "Entre Scila e Caribdis". Por outra banda, o castelán rexístrase en publicacións periódicas e libros como *El Histrionismo Español*, *La mentalidad alemana*, *La educación de la adolescencia*, *Dos idearios y dos democracias* ou *El sistema ferroviario de Galicia y León*.

De pesca rápida ou lenta

Xabier Pazo, Asoc. "Río Furelos"

O Pescar lento ou rápido é unha cuestión de gustos. Hai troiteiros que polo seu carácter escapan das táboas e balsas como se viran o demo. Outros atopan nelas a ocasión para pescar e gozar. Pescar rápido leva implícito andar moito río na busca de troitas, sen importar o tamaño. Pola contra, a pesca lenta é unha pescuda para pillar troitas grandes con moita dificultade. Diría que non hai unha pesca rápida ou lenta, senón troiteiros rápidos e lentos en base á situación real no río, ao intre do ano, á maneira de entender a pesca e, como non, a se están competindo.

Estou convencido que nas táboas lentas entran en xogo moitas apreciacións. Todos somos testemuñas dos intres nos que a propia natureza nos distrae no entorno polo que andamos. Aquí prima a calidade, a dificultade dunha captura. A pesca lenta esixe nun primeiro intre certo coñecemento do río e despois práctica, moita práctica. Na pesca rápida podemos permitirnós certos fallos, tanto na montaxe como na presentación. Aumentar ou diminuír o tamaño do noso cebo sempre nos vai ir ben. Lonxe de pensar que nos pode prexudicar, nos tramos rápidos as troitas non teñen tempo de explorar os detalles da nosa presentación e para nós é a ocasión de ver mellor a efectividade da mesma (culleriña - mosca).

Poucos troiteiros queren comunicar os seus avances, xa que o tempo que se necesita para chegar a unhas conclusións contrastadas é a parte máis valiosa. A falta de tempo ou falta de gañas por levar a cabo estas ideas, deixa polo camiño moitos sen sabores motivados pola dificultade de progresar máis rapidamente. Por outra banda, a falta de respecto polos logros conseguido por aqueles que empregaron o seu tempo en busca de melloras eficaces, orixinou certo hermetismo nese campo. Nós sos, e xa é, podemos mellorar. A natureza e o ser humano distan moito de ser predicibles, polo que moitos levarán as moscas e culleriñas a tumba. E nos os culpo por elo.

Actividades de MeLiSA no 2015

Rafael R. Gaios, enxeñeiro informático

Desde o ano 2012, a Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (MeLiSA), asina un convenio de colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), órgano dependente da Xunta de Galicia, para a realización de actividades de fomento do software libre na nosa comunidade.

Durante este ano, estase a desenvolver a terceira edición do proxecto "Tecnoloxía e software libre en centros penitenciarios de Galicia", que comezou no mes de xaneiro no Centro Penitenciario de Teixeiro. Un total de 15 internos participaron nun obradoiro de montaxe e configuración de equipos informáticos cun sistema operativo libre GNU/Linux, e que foi dirixido polos

voluntarios de MeLiSA, Jorge Lama e Rafael Rodríguez. Para poder realizar este obradoiro, realizouse unha doazón de 7 equipos informáticos completos, os cales, unha vez revisados e configurados, quedaron a disposición do centro para seren utilizados nas diferentes aulas de informática coas que conta o centro penitenciario.

Durante o mes de xullo estanse realizando outros dous obradoiros, nos centros de A Lama e Monterroso. Neste caso, a maiores do obradoiro práctico de montaxe e configuración de equipos, vaise pór en marcha un proxecto piloto para dotar o centro pontevedrés dun servidor onde poder instalar unha aula virtual con diferentes cursos en liña. Na actualidade ningún centro penitenciario de Es-

paña conta cun equipamento deste tipo, e os resultados do proxecto que se inicia na Lama servirán de referencia para o resto de centros do Estado.

O día 1 de outubro terá lugar a II Xornada de Usuarios de R en Galicia, na que se darán cita todas aquelas persoas interesadas en coñecer as últimas novidades no uso desta linguaxe de uso estatístico, que cada vez ten un maior uso en diferentes sectores da investigación. MeLiSA foi a responsable da organización da I Xornada de Usuarios de R en Galicia no ano 2013, e o ano pasado, organizou as VI Jornadas de R-Hispano, durante os días 23 e 24 de outubro. Todas elas teñen lugar no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, situado no barrio de Conxo de Santiago de

Compostela. A información actualizada está publicada na web oficial da xornada [r-users.gal].

E por último, o día 17 de outubro, MeLiSA organiza a I Xornada de Radio Libre, que terá lugar en Melide, nun lugar aínda por determinar, e que será coordinada por Lucía e Sergio de Laboratorio de Radio [www.laboratorioderadio.com]. A xornada está dirixida a todas as persoas relacionadas co mundo da radio, ben sexan profesionais ou colaboradores, e na que os asistentes poderán asistir a obradoiros de gravación de programas, edición con Audacity, emisión en vivo a través de Internet ou como liberar os contidos baixo unha licenza libre.



Por último, recordar que tódalas actividades organizadas por MeLiSA son de balde, e con acceso libre para quen teña curiosidade polos contidos, ou queira colaborar connosco dalgún xeito.

ALBERTO OTERO QUINTELA, “DESGUACES LUAL”

“Moita xente descoñece que tamén temos taller, chapa e pintura, rodas e grúa 24 h.”

Case se pode dicir que o seu destino estaba marcado. Naceu e criouse entre coches, colleulle gusto ao mundo do motor e acabou facendo del unha paixón e un medio de vida. Alberto Otero tomou o relevo de seu pai e con só 27 anos é xa o responsable de Desguaces Lual, un negocio con visos de

expansión situado no límite da provincia. O espazo quédase pequeno para a almacenaxe de coches e para as pretensións de Alberto, que como bo emprendedor prevé ampliar o negocio trasladando parte dos servizos ao polígono da Madanela. Ideas claras e novos retos para unha vida por diante.

-Como chega un rapaz tan novo a estar á fronte da súa propia empresa?

-Alberto Otero (A.O.): Este é un negocio familiar que montaron meus pais cando eu nacín. Fun criado sempre no medio de coches, collínlle gusto ao mundo do motor e decidín quedarme aquí. Afortunadamente podo dicir que me dedico ao que máis me gusta.

-Baixo o nome de Desguaces Lual agóchanse outros moitos servizos.

-A.O.: Si. Hai moita xente que aínda non o sabe, pero aquí temos algo de todo: taller mecánico, chapa e pintura, pneumáticos, compra-venda de vehículos e servizo de grúa 24 horas.

-No que ao deguace se refire, teñen pezas para todos os modelos de coche?

-A.O.: É difícil dicir disto teño e disto non, porque están entrando coches constantemente. Nestes momentos temos almacenados entre 500 e 600 vehículos. A persoa encargada do deguace anda todo o día no medio deles e sabe perfectamente as pezas que hai dispoñibles. Eu diría que vai entrando algo de todo no que se refire a pezas para coches, furgonetas, tractores e todoterreos. Para camiós non temos, por motivos de espazo, e para motos tampouco.

-Cales son as pezas máis demandadas?

-A.O.: Agora mesmo a chapa: frontais, defensas, capós, farois... tamén moita roda usada. Hoxe en día a mecánica trabállase menos porque agora os coches son moi bos e non se avarían tanto.

-Reparacións, recambios, pezas usadas, segunda



Nave de Desguaces Lual dedicada ao taller de reparación

man... en principio este é un tipo de negocio que non se debería de resentir coa crise.

-A.O.: Eu creo que a crise non foi boa para ningún negocio. Isto é todo unha cadea e se en Melide hai unha tenda que vai mal, ese señor non me vai vir mercar a min. Cando non a había entraban no deguace moitos coches; algún ano recollemos 500. Agora estanse recollendo máis ou menos a metade. Se hai crise a xente aproveita máis os automóviles. Se non entran coches, non temos tantas pezas e a menor oferta, menores son tamén as vendas. O que non foi a peor é o mercado de coches de segunda man.

-Como vos nutrides de vehículos para o deguace?

-A.O.: A maioría son coches

sinistrados ou ben coches que a xente quere cambiar por idade ou quilometraxe. Nós comprámoslos a aseguradoras ou a particulares directamente, taxámoslos, facemos unha oferta e se interesa... queda o trato feito. Agora ademais xa damos nós a baixa do vehículo directamente. Antes había que ir a Tráfico pero agora xa nos encargamos aquí de todos os trámites. Facémolo no momento a través dun programa informático conectado coa DGT. Deste xeito o cliente sae do taller e non ten que preocuparse de nada máis.

-Comentaba que tiña falta de espazo. É ese un dos hándicaps do negocio?

-A.O.: Si, a día de hoxe é un dos grandes problemas que temos, porque aquí onde

estamos non hai para onde ampliar. Necesitábamos outro tanto espazo coma o que temos. A idea é separar o negocio do deguace do que é o taller, porque hai moita xente que aínda a día de hoxe nos asocia só ao deguace e non sabe que temos os outros servizos. Entón estamos intentando irnos para o polígono. Temos unha parcela mercada e estamos a ver se mercamos outras dúas para poder edificar. Se todo sae ben, deixaremos o deguace no Coto e trasladaremos para a Madanela o tema de chapa e pintura, compra-venda e taller de reparación.

-Imaxino que pola acumulación de coches e polo tratamento de residuos, as esixencias en materia de medio ambiente son

“Tramitamos no momento a baixa do coche, de xeito que o cliente non ten que ir a Tráfico”

“Temos algo de todo en pezas de recambio para automóviles, furgonetas e todoterreos”

moitas...

-A.O.: Nese aspecto houbo un gran cambio hai cousa de dez anos. Antes había moito descontrol. Agora obrigáronnos a pavimentar unha porcentaxe da finca, a recoller todas as augas, que van para un decantador, e a analizalas periodicamente. Logo está tamén a recollida de aceites e de baterías. Non se escapa nada! Unha vez que estás posto ao día é unha rutina que non custa traballo. O malo foi pasar de non ter norma ningunha a aplicala toda. Ese cambio custou moito facelo, pero unha vez feito os primeiros beneficiados somos nós.

Desguaces Lual

O Coto - Melide

Tlf: 981 50 73 52


organiza :



VI edición

MELIDE DE TAPAS

do 24 de xullo o 2 de agosto



O DÍA 31 DE XULLO **NOITE ABERTA** NO COMERCIO DE MELIDE CON
SORPRESAS E DESCONTOS ESPECIAIS DE ATA O 80%. DE 17:00 A 24:00

Pazo Eidián



HOTEL BALNEARIO RIO PAMBRE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA.
Dirección xeral de comercio.



VERMO
NORDESÍA
FÓRMULA ORIGINAL

casa
alongos

galicia
calidade



CONCELLO
DE MELIDE



RESTAURANTE PARRILLADA
PILMAR MARIÑO